

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez Garcia, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Durante a celebración do pleno do Concello de Pontevedra do pasado 22 de febreiro, onde se adoptaba a decisión de nomear persoa non grata ao Sr Mariano Rajoy, moitos cargos públicos do PP acudiron a manifestar o seu desacordo con esta decisión. Cada un é libre de expresar a súa posición pública e o que dende AGE nos parece rexeitable é tanto a dobre moral amosada pola expresidenta do Parlamento, facendo aquela que ela non permitia no Cámara galega, como a da Presidenta da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, que acudíu a este acto no coche oficial, vehículo que dende AGE rexeitamos no sentido da non necesidade do mesmo para a Autoridade Portuaria de Vilagarcía, e que lonxe de ser utilizado para a actividade formal do ente, é utilizado para o transporte particular da presidenta como neste caso ou como medio de transporte pagado por todos entre o seu domicilio e o porto de Vilagarcía.

Polo exposto formulamos a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**:

Que valoración fai o goberno de que a presidenta do porto de Vilagarcía utilice o seu coche oficial para acudir a unha mobilización convocada ou promovida polo PP?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2016.



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 24/02/2016 10:37:21

Anton Sánchez García na data 24/02/2016 10:37:30

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 24/02/2016 10:37:44

Ramón Vázquez Díaz na data 24/02/2016 10:37:48

Eva Solla Fernández na data 24/02/2016 10:37:51

Jose Javier Ron Fernandez na data 24/02/2016 10:37:54